

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 13 DE NOVEMBRO DE 2018

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 13:10 horas do día 13 de novembro de 2018, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 9 de novembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. María Jesús Lago Rey

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel
D^a. Olga Gómez Corbal
D. José Riesgo Boluda
D. José Ángel Lago Filgueira (asiste aos puntos 8, 9 e 10)
D. José Ángel Otero Lamas (asiste ao punto 6)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas**a) Acta do 5 de novembro de 2018**

Non se aproba por falta de quórum.

b) Acta do 7 de novembro de 2018

Apróbase a acta da sesión do 7 de novembro de 2018 cos votos de D^a. María Isabel Fernández Gabriel, D^a. Olga Gómez Corbal e D. José Riesgo Boluda.

6.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados**a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de humanización da Avda. das Camelias entre Juan Ramón Jiménez e Avda. Hispanidade (109-441)**

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos de data 9 de novembro de 2018, sobre as ofertas que conteñen baixas con valores anormais ou desproporcionados. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, SOCIEDAD LIMITADA por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto simplificado do subministro dunha unidade de deshumectación de aire na instalación acuática “piscina municipal de Teis” para substitución da unidade existente por finalización da vida útil (2.396-611) (informe sobre C con proposta de clasificación)

Entrégase o informe asinado polo director técnico - adxunto ao xefe do Servizo de Deportes o 8 de novembro de 2018 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adjudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto simplificado do subministro dunha unidade de deshumectación de aire na instalación acuática “piscina municipal de Teis” para substitución da unidade existente por finalización da vida útil (2.396-611)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo director técnico - adxunto ao xefe do Servizo de Deportes o 8 de novembro de 2018 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto simplificado do subministro dunha unidade de deshumectación de aire na instalación acuática “piscina municipal de Teis” para substitución da unidade existente por finalización da vida útil (2.396-611)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto simplificado do subministro dunha unidade de deshumectación de aire na instalación acuática “piscina municipal de Teis” para substitución da unidade existente por finalización da vida útil (2.396-611) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	TERMOCALOR VIGO, S.L.	100
2	MEDANCLI, S.L	43,78

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, TERMOCALOR VIGO, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 23



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 15:57	Páxina 2 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA141-5C5EE1-88BH2D-ZSNJAB-9Z6YWQ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



do prego de cláusulas administrativas particulares.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 13:20 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

A presidenta da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 15:57	Páxina 3 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA141-5C5EE1-88BH2D-ZSNJAB-9Z6YWQ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		